



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA.
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Begasa solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.59344

As obras solicitadas consisten no proxecto de separación da instalación da L.M.T. subterránea e C.S. Tronceda propiedade da compañía da instalación particular na central hidroeléctrica de Tronceda, na zona de policía do río Tronceda, na parroquia da Nosa Señora dos Remedios, no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 12 de marzo de 2018.- A xefa do servizo territorial, Mª Carmen Quintero Serrano

R. 0823

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

CONTRATACIÓN OBRA: **CASTROVERDE.- ACONDICIONAMENTO LU-P- 1201 DE SOUTO DE TORRES A SOBRADO, PO.K. 0+000-2+280 (EX017OB17AB)**

Entidade adxudicadora:

- Organismo: Deputación Provincial de Lugo
- Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento. Unidade de Obras e Plans.
- Nº de expediente: EX017OB17AB
- Dirección web: Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

Obxecto do contrato :

- Tipo: Contrato de obras.

Descrición do obxecto: **CASTROVERDE.- ACONDICIONAMENTO LU-P- 1201 DE SOUTO DE TORRES A SOBRADO, PO.K. 0+000-2+280 (EX017OB17AB)**

CPV: 45233120-6 Traballos de construción de estradas.

Medio publicación anuncio licitación: Boletín Oficial de la Provincia nº 291 do 21 de decembro de 2017 e Plataforma contratación del sector público (<https://contrataciondelestado.es>)

1. Tramitación e procedemento:

- Tramitación: Ordinaria.

b) Procedemento: Aberto.

c) Orzamento base da licitación:

Importe neto 428.685,95 euros. IVE (21%) 90.024,05 euros. Importe total: 518.710,00 euros.

a) Data de adxudicación: 9 de marzo de 2018

b) Contratista: HNOS PICO YAÑEZ SL.

b) Importe neto: 287.625,76 € e 60.401,41 € de IVE,. Importe total: 348.027,17 €

c) Melloras de obra: 250 metros de lonxitude de estrada a pavimentar e sinalizar horizontalmente coas características definidas na cláusula 10.2 do prego de CAP.

d) Plan de comunicación: 5.850,00 € e 1.228,50 € de IVE.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 223.f do TRLCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes: o importe adicado ao plan de comunicación; o aumento do prazo de garantía e a redución do prazo de execución ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 10 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 228 bis do TRLCSP; o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 26.5 do PCAP

Lugo, a 15 de marzo de 2018 .O SECRETARIO. Cristobal Víctor Fraga Bermejo

R. 0824

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 8 de marzo de 2018, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro de 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/05/2018. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia

de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de marzo de 2018, O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0825

BEGONTE

Anuncio

Por Resolución desta Alcaldía de data 15 de marzo de 2018, acordouse incoar o correspondente expediente de investigación para determinar a titularidade e trazado do camiño que da acceso á parcela catastral 388, do polígono 33 do catastro de rústica deste municipio e lavadoiro público, no lugar de A Vila, parroquia de Begonte. De conformidade co establecido nos artigos 49.1 e 50 do Regulamento de Bens das Entidades Locais - aprobado polo Real Decreto 1372/ 1986, de 13 de xuño - faise público aos efectos de que os afectados polo devandito expediente poidan alegar por escrito canto estimen conveniente a dereito e acompañar os documentos nos que funden as súas alegacións, todo elo polo prazo de un mes a contar desde o seguinte ao que deba darse por terminada a publicación de anuncios no taboleiro da Corporación.

Begonte, a 15 de marzo de 2018.- O ALCALDE-PRESIDENTE, José Ulla Rocha

R. 0826

BÓVEDA

Anuncio

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga do 4º trimestre do exercicio 2017.

Por Resolución da Alcaldía de data 14 de marzo de 2018, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon da auga, correspondente o 4º trimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ó obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen oportunas, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formula ningunha reclamación contra o mesmo. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 19 de marzo de 2018 ó 19 de abril de 2018.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo, e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da finalización do período de exposición ó público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante a Alcaldía Presidencia, de acordo con canto establece o artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Trascorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se pruden, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao aveiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Bóveda, 14 de marzo de 2018.- O Alcalde-Presidente, Jose Manuel Arias López

R. 0827

BURELA*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía nº 2018-0145 de 02/03/2018 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO:

BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DE PERSOAL AO ABEIRO PROGRAMA DEPUEMPREGO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL UNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS 2017: 2 CONSERXES E 2 PEÓNS DE OBRAS.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal ao abeiro do "Programa Depuemprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017:

Nº prazas	Ocupación	Grupo de cotización	Duración contrato (en meses)	Xornada (%)
2	CONSERXE	10	6	50%
2	PEÓN OBRAS	10	6	100%

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración será de 6 meses a contar dende a súa sinatura.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual:

- Peóns de Obras: salario grupo E 559,5 €; complemento de destino (nivel 14) 311,16 €; complemento específico: 129,15 €; prorrata de paga extra: 166,63 €.

- Conserxes a xornada parcial: salario grupo E 279,75; complemento de destino (nivel 14) 155,58 €; complemento específico: 64,57 €; prorrata de paga extra: 83,32 €.

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión de certificado de escolaridade ou título equivalente. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarse o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Ter a condición de persoa desempregada.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo . Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.

b) Fotocopia compulsada do título académico esixido.

c) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempleado.

d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará de dúas fases: concurso de méritos e proba práctica.

8.1. CONCURSO DE MÉRITOS

Esta fase será previa á de oposición e non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superar a proba práctica.

Puntuación máxima nesta fase: 5 puntos.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos/as aspirantes segundo se determina na base 9ª conforme ao sinalado no presente baremo:

A) Cursos de formación, xornadas, congresos e convencións en materias relacionadas coas funcións do posto convocado, por cada un:

- De 10 a 50 horas: 0,10 puntos
- De 51 a 100 horas: 0,25 puntos.
- De 101 ou máis horas: 0,50 puntos.

Puntuación máxima neste apartado: 3 puntos.

De non figurar as horas de duración entenderase que teñen menos de 10 horas.

B) Cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente. Ata un máximo de 0,50 puntos.

-Celga 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,25 puntos.

-Celga 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas; 0,50 puntos.

Neste apartado non poderán acumularse as puntuacións polos distintos cursos, puntuándose, en consecuencia, polo curso de nivel superior.

C) Cursos de prevención de riscos laborais. Ata un máximo de 0,50 puntos.

- Ata 50 horas (equivalente o curso "on line" de 60 h): 0,10 puntos
- de 51 a 300 horas: 0,25 puntos
- máis de 300 horas: 0,50 punto

D) Estar en posesión do permiso de conducir da categoría B: 1 punto.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

8.2. OPOSICIÓN: Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas tarefas a desempeñar, a proposta polo Tribunal e coa duración que este órgano de selección determine con carácter previo ao seu inicio.

Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

Corresponderalle ao Tribunal determinar o nivel mínimo de coñecementos esixido para a superación desta proba.

O Tribunal poderá realizar as preguntas e aclaracións que considere necesarias sobre a materia obxecto da proba.

Quedarán excluídos do proceso os/as aspirantes que non comparezan.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

9.2. Permiso de conducir clase B: Fotocopia compulsada do permiso de conducir.

10.- LUGAR, DATA E CELEBRACIÓN DA PROBA PRÁCTICA.

Determinarase polo Tribunal unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, facéndose público no mesmo anuncio que a listaxe provisional de admitidos ao proceso.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos/as do proceso os/as que non comparezan. Os/as aspirantes deberán presentarse provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezado o exercicio, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

Virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas fases do proceso de selección para aqueles aspirantes que teñan superada a proba práctica, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase a favor do/da aspirante que obtivese maior puntuación na proba práctica. De persistir, o empate resolverase a favor daquel/a aspirante que obtivese maior puntuación na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 8.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos/ás aspirantes que encabezan dita relación, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- O apartado b) mediante a presentación de Certificado Médico Oficial para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infra que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incorrer.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

Burela, 15 de marzo de 2018.- O Alcalde. Alfredo Llano García

R. 0828

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2018-0144 de 02/03/2018 apróbase a convocatoria e as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa DEPUEMPREGO:

BASES PARA A CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL NON PERMANENTE DUN/DUNHA TÉCNICO/A EN TURISMO AO ABEIRO PROGRAMA DEPUEMPREGO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2017.-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección que se levará a cabo para a contratación de persoal ao abeiro do "Programa Depuemprego" incluído no Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2017:

Nº de prazas	Ocupación	Grupo
1	TÉCNICO EN TURISMO	C1

Funcións do posto:

- Coordinación e dirección das actividades municipais de turismo
- Promoción turística municipal

- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

Todo isto conforme o disposto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello; igualmente remitiranse á Deputación Provincial para a súa publicación na páxina web institucional.

2.- DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal na modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo a tempo completo e a súa duración será de 6 meses a contar dende a súa sinatura.

Os/as aspirantes seleccionados/as e contratados/as percibirán as retribucións establecidas no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela co seguinte desglose bruto mensual: salario grupo C1 734,51 €; complemento de destino (nivel 18) 402,73 €; complemento específico: 64,59 €; prorrata de paga extra: 183,69 €.

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato, técnico ou equivalentes para efectos académicos ou ter aprobadas as probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

g) Ter a condición de persoa desempregada.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as interesados/as dirixirán as solicitudes ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 5 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP de Lugo. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

Cando se presenten en correos, deberá entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado de correos.

Dado o carácter urxente da convocatoria, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, deberán remitir por fax ao Concello copia selada da instancia dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros, debidamente compulsados por ambos os dous lados.
- b) Fotocopia compulsada do título académico esixido.
- c) Tarxeta de demanda de emprego actualizada ou documento acreditativo de estar desempleado.
- d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.
- e) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos/ás aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección correspondentes.

Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax dentro do prazo de 2 días hábiles sinalado anteriormente (nº de fax: 982 58 59 45).

As reclamacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados . Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Estará composto por un/unha presidente/a e catro vocais, empregados públicos entre os/as que non se incluírán persoal de elección ou de designación política, nin funcionarios/as interinos/as ou persoal temporal ou eventual.

Actuará como Secretario o da Corporación ou empregado público en quen delegue, con voz e sen voto.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, no podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

Os membros do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requirise un nivel igual ou superior de titulación ao esixido para participar neste proceso selectivo.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir notificándoo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención. Así mesmo os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

8.1.-FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á do concurso. Constará das seguintes probas:

8.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 40 minutos, un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con tres respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 3 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. Os/as aspirantes que non alcancen dita puntuación serán cualificados como non aptos e quedarán eliminados.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,40 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontarase 0,16 puntos.
- As respostas en branco ou nulas non puntúan.

8.1.2.- Proba de galego

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

8.2.-FASE DE CONCURSO:

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición.

8.2.1 Baremo de méritos.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, segundo se determina na base 9 , conforme ao sinalado no presente baremo:

a) Formación académica (ata un máximo de 1,50 puntos):

- Diplomatura ou grao en turismo ou equivalente: 1,50 puntos
- Técnico Superior en guía, información e asistencia turística ou equivalente : 1 puntos
- Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalentes:1 puntos
- Grao ou licenciatura en Historia da Arte, Humanidades, Historia ou Xeografía e Ordenación do Territorio: 0,75 puntos

b) Masters, cursos, xornadas ou similares relacionados co sector turístico, concederase ata un máximo de 2,50 puntos con arranxo á seguinte escala:

- - Master ou postgrao: 0,75 puntos
- - De máis de 150 horas: 0,50 puntos.
- - De 60 a 149 horas: 0,25 puntos.
- - De 20 a 59 horas: 0,15 puntos.

- - Inferior a 20 horas: 0,10 puntos.
- - Asistencia a xornadas, congresos e convencións e cursos nos que no figure o número de horas: 0,05 puntos

c) Cursos oficiais de linguas estranxeiras ou validacións correspondentes (ata un máximo de 1 punto)

Valorarase cada idioma en función dos seguintes niveis, segundo o marco Común Europeo de referencia para as linguas:

Nivel A1 : 0,10 puntos

Nivel A2 : 0,15 puntos

Nivel B1 : 0,25 puntos

Nivel B2 : 0,50 puntos

Nivel C1: 0,75 puntos

Nivel C2: 1 punto

So se valorará un título ou certificado por idioma, o do grao superior alegado.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado

8.2.2. Entrevista curricular

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica e experiencia en relación coas funcións que se sinalan nas bases de selección.

Valorarase principalmente a actitude e aptitude para o emprego que se convoca.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non se presenten a súa realización.

Cualificarase ata un máximo de 2 puntos.

9.-FORMA DE ACREDITAR OS MÉRITOS

9.1. Titulacións académicas: copia compulsada do documento acreditativo de posuír a titulación correspondente ou certificación académica dos estudos realizados.

9.2. Masters, cursos, seminarios, xornadas ou similares: copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e, como mínimo, o título do mesmo ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

No caso dos idiomas deberá aportarse copia compulsada do documento que acredite o nivel alcanzado.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

10.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN E DA ENTREVISTA.

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización da primeira proba da oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse. Motivado na urxencia da incorporación dos efectivos, para a realización, no seu caso, da proba de galego, así como para a realización da entrevista, non se terá en conta a mencionada antelación de 48 horas

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os/as aspirantes serán convocados para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan. Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal quealgún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, o tribunal deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación dos/das aspirantes virá determinada pola suma dos puntos obtidos na fase de oposición e concurso, sempre que se teñan superados os exercicios da fase de oposición. Dita cualificación determinará a orde definitiva dos aspirantes na bolsa de emprego.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes a incluír na lista de reserva, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición. De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida na fase de concurso e de persistir, estarase aos apartados do baremo pola orde establecida na base 8.2.

Unha vez fixadas as cualificacións finais, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Na citada lista figurarán os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada.

12.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Rematadas as probas o Tribunal aprobará a relación de aspirantes en orde de maior a menor puntuación total, proponendo ao Sr. Alcalde para a súa contratación aos/ás aspirantes que encabezan dita relación, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

13.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

No prazo de 5 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 11ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- O apartado b) mediante a presentación de Certificado Médico para o efecto.
- Os apartados e) e f) con declaración xurada para o efecto.

Igualmente aportarase fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación do número de conta bancaria.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houberse podido incorrer.

14.- RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN .

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder a praza que se convoca, o Alcalde resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal.

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

15.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación segundo o previsto nestas bases ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

17.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO. PROGRAMA DE MATERIAS PARA A FASE DE OPOSICIÓN.

Tema 1.-A Constitución Española de 1978. Estructura e principios xerais. Os dereitos fundamentais na Constitución Española.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: principios xerais e estrutura.

Tema 3.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O obxecto e ámbito subxectivo de aplicación. Os interesados no procedemento administrativo. Capacidade de obrar, concepto de interesado e representación.

Tema 4.- A actividade das Administracións Públicas na Lei 39/2015. Normas xerais de actuación, termos e prazos.

Tema 5.- O acto administrativo. Requisitos e eficacia. A nulidade e anulabilidade do acto administrativo, conversión, conservación e convalidación dos actos administrativos.

Tema 6.-O municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Organización e competencias.

Tema 7.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: Clases e réxime xurídico. Dereitos e deberes dos empregados públicos.

Tema 8.-A Lei 7/2011 de Turismo de Galicia.

Tema 9.- Coñecemento do termo municipal de Burela: Rueiro. Festas e tradicións

Tema 10.- Patrimonio natural e cultural. Recursos turísticos do Concello de Burela.

Burela, 15 de marzo de 2018.- O Alcalde. Alfredo Llano García

R. 0829

CASTROVERDE*Anuncio*

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 19 de marzo de 2018, acordou a aprobación inicial dos expedientes n.º 2/2018 de modificación de, créditos, primeiro baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de tesourería e nº 1/2018, de modificación do anexo de investimentos.

Os expedientes expóñense ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

De conformidade cos acordos adoptados, os expediente consideraranse definitivamente aprobados, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 20 de marzo de 2018.- O Alcalde, Xosé M^a Arias Fernández

R. 0838

LUGO*Anuncio*

De conformidade co Decreto Número18002249, de data 15 de Marzo de 2018, do Libro de Resolucións, dictado polo Tenente de Alcalde Delegado de Educación e Infraestructuras Urbanas, apróbanse as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2018-19 que consta do seguinte teor literal:

Instruído o expediente relativo á: bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2018-2019, vista a proposta do Director da Escola, con conformidade do Tenente Alcalde Titular da Área.

En uso das atribucións que lle confiren á Alcaldía os artigos 75.5, 124 e 126 do texto vixente da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e concordancia do Regulamento orgánico municipal do goberno, administración do Concello (ROMGA), atribucións delegadas pola Alcaldía según decreto número 16008543, de 9 de novembro de 2016, do Libro de Resolucións

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as bases e convocatoria do proceso de matrícula na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo para o curso 2018-2019 e que seguidamente se transcriben:

“ASUNTO: INFORME PROPOSTA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA RELATIVO ÁS BASES DE MATRICULA PARA O CURSO 2018/2019.

Desde a Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo propóñense as seguintes bases e matrícula para o Curso 2018-19:

1. Obxecto da convocatoria:

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento de admisión de alumnas/os na Escola Municipal de Música do Excmo. Concello de Lugo en convocatoria ordinaria, para o curso 2018/19.

2. Número de prazas ofertadas:

A Escola ofertará anualmente un número de prazas por especialidade instrumental.

Ofértanse o seguinte número de prazas e carga lectiva semanal de cada un dos instrumentos e materias que a continuación se indican:

BLOQUE A:

- Fruta traveseira: 28 prazas
- Clarinete: 60 prazas
- Saxofón: 45 prazas
- Fagot: 10 prazas
- Trompa: 6 prazas
- Trompeta: 18 prazas
- Trombón: 18 prazas
- Técnica Básica Tuba-bombardino: 3 prazas
- Percusión: 17 prazas
- Gaita: 22 prazas
- Pito Pastoril galego: 8 prazas
- Piano: 14 prazas

As clases nos instrumentos anteriormente sinalados serán compartidas, con 3 alumnas/os como máximo.

BLOQUE B: clases individualizadas de calquera dos instrumentos do bloque A: só se impartirán no caso de dispoñibilidade horario, tanto de aulas coma de docentes.

BLOQUE C: requirirase estar en posesión duns coñecementos mínimos cun informe favorable do mestre da materia.

- Música e movemento: 82 prazas (24 prazas en Música e movemento 1-nados no ano 2014, e 58 prazas en Música e movemento 2-nados en 2013).

- Formación Básica: 180 prazas (90 prazas en Formación Básica 1-nados no ano 2012, e 90 en Formación Básica 2-nados no ano 2011).

- Linguaxe musical (de 8 a 16 anos): 200 prazas
- Formación de adultos (a partir de 16 anos e sen límite de idade máxima): 120 prazas
- Improvisación: 15 prazas
- Gravación de edicións e son e iniciación á Informática musical: 6

BLOQUE D:

- Big Band: 15 prazas
- Grupo de Clarinetes: sen limitación de prazas

- Grupo de Saxofóns: sen limitación de prazas
- Banda: sen limitación de prazas
- Banda Infantil (menores de 12 anos): sen limitación de prazas
- Coro Moderno: sen limitación de prazas
- Grupo Tradicional: sen limitación de prazas
- Grupo Didáctico de Pito Pastoril Galego
- Charanga: sen limitación de prazas
- Grupo de Pandeiretas: sen limitación de prazas
- Círculo de Tambores: 15 prazas
- Grupo de Percusión Tradicional (Intermedio): 8 prazas
- Grupo de Metais Graves: sen limitación de prazas
- Aula de Técnica Base Metal Grave: sen limitación de prazas
- Combo Formación de Adultos: 20 prazas

3. Requisitos das/os interesadas/os:

Para poder ser admitidas/os na selección, as/os interesadas/os deberán ter unha idade mínima de:

- Bloque A: 7 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2018
- Bloque B: 7 anos cumpridos antes do 31 de decembro de 2018
- Bloque C: idades establecidas no punto 2.
- Bloque D: a partir de 7 anos.

As idades establecidas deberán estar cumpridas antes do 31 de decembro do ano de inicio do curso escolar.

4. Criterios de adxudicación de prazas:

Establécense por orde os seguintes criterios de adxudicación de prazas:

1.- Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria para o mesmo instrumento que se solicita que non excedera dos 6 anos de permanencia en calquera instrumento.

2.- Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria en Formación Básica 2, que solicita instrumento por primeira vez.

3. Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria en Linguaxe Musical ou Formación de Adultos.

4.- Alumnado de nova inscrición.

5.- Alumnado da Escola Municipal de Música matriculado durante todo o curso anterior á presente convocatoria que desexe cambiar de instrumento e non excedera os 6 anos de permanencia en calquera instrumento.

6.- Alumnado da Escola Municipal de Música que xa excedera os 6 anos de permanencia en calquera instrumento.

7.- Alumnado con segundo instrumento.

O alumnado xa matriculado na Escola terá un prazo para reservar a súa praza para o seguinte curso; o alumnado que non se matricule en dito prazo non terá dereito a reserva de praza e pasará a ter a consideración de novo alumno/a.

Todo o alumnado admitido deberá presentarse para a elección horaria. Non terá ningún efecto a orde de matriculación nin na obtención de praza nin na elección horaria, sendo o sorteo por letra a única fórmula válida. Procederá a aplicar o sorteo por letra en cada un dos criterios sinalados anteriormente.

Establecerase unha listaxe de agarda xeral, sendo citado o alumnado ao inicio do curso en reunións extraordinarias para a escolla de entre as vacantes de todas as especialidades instrumentais, sempre pola orde do sorteo por letra.

A escolla de clase de instrumento individual do bloque B (Clase individual de 1 hora) nas materias instrumentais, quedará supeditada a existencia de prazas vacantes na especialidade, ou ben a criterios de individualización pedagóxica por necesidades educativas específicas, sempre coa debida xustificación de ditas necesidades e informe positivo da Xefatura de Estudos da Escola.

5. Forma e prazo de presentación de solicitudes:

As solicitudes das persoas interesadas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/15, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos seguintes prazos:

- Alumnos da Escola con reserva de praza: do 4 de abril ao 4 de maio de 2018.
- Alumnos de novo ingreso: do 7 de maio ao 15 de xuño de 2018.

As persoas interesadas deberá presentar:

a) Solicitud en modelo específico debidamente cumprimentado. No caso de alumnas/os menores de idade a solicitude deberá ir asinada pola nai, pai, ou persoas que representen legalmente a/o menor.

b) Fotocopia do DNI da persoa interesada maior de idade, ou da nai ou pai, ou persoas que representen legalmente á nena ou neno no caso de menores de idade.

c) Certificación bancaria da conta onde se desexe domiciliar o pagamento dos recibos pola utilización do servizo municipal da escola municipal de música onde apareza titular e número de conta.

d) 2 fotografías tamaño carné da/o alumna/o.

6. Resolución:

Valoradas as solicitudes recibidas segundo os criterios establecidos no apartado 4, procederase á publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido, excluído e de agarda, establecéndose un prazo de 10 días naturais no que as persoas interesadas poderán realizar as alegacións que consideren oportunas. Resoltas as reclamacións, de ser o caso, procederase á publicación definitiva de listas, determinándose nas mesmas o día e hora no que se convoca ás/ós alumnas/os admitidos para a elección do horario de docencia de cada instrumento ou especialidade.

A prioridade para a elección de horarios das/os alumnas/os, tanto de reserva coma de novo ingreso, determinarase pola mesma orde na que figuran nas listas de admitidas/os tras a aplicación dos criterios establecidos para a adxudicación de prazas, o sorteo por letra.

No caso de producirse renuncias de prazas ou baixas, as vacantes ocuparanse coas/cos solicitantes que figuran na lista de agarda de cada instrumento ou especialidade musical elexidos por rigorosa orde.

Poderase presentar solicitude fóra do prazo establecido ata finais do mes de abril en curso de convocatoria, que se terán en conta sempre que existan prazas vacantes e con informe favorable do profesor/a da materia.

A renuncia expresa na praza ofertada pola Escola Municipal de Música implica a baixa da/o alumna/o na Escola, sempre e cando non esté matriculada/o noutro instrumento ou especialidade con asistencia ás clases da mesma. A baixa na escola non xerará efectos de reserva de praza para a matrícula na Escola no curso seguinte.

7. Aplicación das bases:

Todas as persoas solicitantes de praza na Escola Municipal de Música quedarán suxeitas ás bases desta convocatoria. Calquera criterio discrepante na interpretación destas bases resolverase a criterio dos órganos directivos da Escola, así como toda casuística non recollida nas mesmas. A docencia na Escola Municipal de Música será realizada por persoal municipal adscrito á Banda de Música e/ou á Escola de Música do Concello de Lugo.

Lugo, 15 de Marzo de 2018”

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 19/1998, do 13 de xullo), de Lugo, ou, a elección do demandante, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes, contado desde o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen convinte ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase.”.

SEGUNDO.- Dar publicidade da presente convocatoria, mediante anuncio no Boletín Oficial da provincia, no Taboleiro de Editos e na páxina web do Concello.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo nun prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 19/1998, do 13 de xullo), de Lugo, ou, a elección do demandante, ante o da

circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo de un mes, contado desde o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso ou reclamación que estimen convinte ao seu dereito.

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servizos municipais afectados.

Cúmprase”

Lugo, 19 de Marzo 2018.- A ALCALDESA, P.D. TENENTE-ALCALDE DA ÁREA DE EDUCACIÓN E INFRAESTRUCTURAS URBANAS (Decreto Alcaldía nº 16008543) Manuel Núñez López

R. 0821

MONDOÑEDO

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERROS

Na ordenanza nº 15 Reguladora da Taxa por Prestación de Servizos de Sumidoiro publicada no BOP nº 063, do 17 de marzo de 2018, no artigo 8, apartado 2 TARIFA

ONDE DI:

1. VIVENDAS.

Por sumidoiro, cada m³: 0,1882 €.

2. LOCAIS DE NEGOCIOS.

Por sumidoiro, cada m³: 0,1882 €

DEBERÁ DICIR:

USO DOMÉSTICO

— De 0 a 6 m³: 0,0565 €/m³.

— De 7 a 14 m³: 0,0941 €/m³

— De 15 a 30 m³: 0,1882 €/m³

— De 31 a 50 m³: 0,2635 €/m³

— Máis de 50 m³: 0,3952 €/m³

USO COMERCIAL E INDUSTRIAL

— De 0 a 6 m³: 0,1035 €/m³.

— De 7 a 14 m³: 0,1496 €/m³

— De 15 a 30 m³: 0,2164 €/m³

— De 31 a 50 m³: 0,2804 €/m³

— De 51 a 100 m³: 0,3105 €/m³

— Máis de 100 m³: 0,4423 €/m³”

Mondoñedo, 20 de marzo de 2018.- A Alcaldesa, M^a Elena Candia López

R. 0839